



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 258/2019

Procedemento: Contratación das obra “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO NO CAMIÑO A GRANXA-CABEZUDOS E DRENAXE NO CAMIÑO PEDREIRA-CABEIRAS (ARBO)”

Orzamento de execución por contrata: 79.989,58 €.

Documento: Resolución da alcaldía

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Manuel Díaz Martínez, para a obra de “Mellora de Infraestruturas de Saneamento no Camiño de A Granxa-Cabezudos e Drenaxe no Camiño Pedreira-Cabeiras”, cun orzamento de execución por contrata de 79.989,58 € IVA do 21% incluído).

Tendo en conta o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Arbo para a execución do proxecto denominado Mellora de Infraestruturas de Saneamento no Camiño de A Granxa-Cabezudos e Drenaxe no Camiño Pedreira-Cabeiras, asinado con data 15 de maio de 2019, onde a xunta se compromete a cooperar coa achega do 75% do importe ((59.992,19 €), na realización da actuación da referida obra.

Vista Memoria de Alcaldía, informe de necesidade da contratación desta actuación, así como os informes sobre non división en lotes, e da Secretaría-Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguinte, así como o certificado de existencia de crédito e informe de fiscalización do expediente de contratación.

Unha vez estudadas as necesidades do municipio, e de acordo coas competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada na xunta de Goberno Local por resolución de Alcaldía de 20/06/2019

SEGUNDO.- Aprobar o expediente completo para a obra “Mellora de Infraestruturas de Saneamento no Camiño de A Granxa-Cabezudos e Drenaxe no Camiño Pedreira-Cabeiras”, cun orzamento de execución de 79.989,58 € (IVE do 21% incluído, que ascende a 13.882,49 €), así como o proxecto técnico, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do contrato, onde expresamente se sinala que a





Concello de Arbo

adxudicación do contrato quedará supeditada, en todo caso, a entrada en vigor da modificación de crédito nº 45/2019 tramitado na modalidade de suplemento de crédito nº 1/19.

TERCEIRO.- Declarar a tramitación de urxencia do expediente de contratación conforme ao previsto no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co artigo 137 da mesma Lei, con base na xustificación recollida na Memoria de Alcaldía que obra no expediente.

CUARTO.- A autorización/aprobación do gasto no importe de 79.989,58 € con cargo a aplicación orzamentaria 160.619 do orzamento prorrogado cara o exercicio 2019, faise tras modificación de crédito tramitada na modalidade de xeración de crédito en data 10.06.19 no importe de 59.992,19 €, e supeditada en todo caso a entrada en vigor da modificación de crédito nº 45/19 na modalidade de suplemento de crédito nº 1/19 en tramitación.

QUINTO.- Licitarse o contrato a través da Plataforma de Contratación do Estado.

Mándaa e asínaa o Sr. Alcalde, D. Horacio Gil Expósito, do que eu, como secretaria dou fe.

O Alcalde. Horacio Gil Expósito. Sinatura electronica

O secretaria-interventora. Patricia Hernández Estévez. Sinatura electronica

